



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

Inicio > ALUMNADO DO LÓPEZ FERREIRO CELEBRA O DÍA MUNDIAL DA RADIO.

# ALUMNADO DO LÓPEZ FERREIRO CELEBRA O DÍA MUNDIAL DA RADIO.

Enviado por [admin](#) [1] o Ven, 02/24/2023 - 18:19  
[Curso 22\\_23](#) [2]

O 13 de febreiro celebrouse o *Día Mundial da Radio*. Por ese motivo, [Ponte nas Ondas](#) [3] organizou unha gran conexión á que responderon máis de cen centros educativos de toda Galicia e do norte de Portugal.

En representación do CEIP López Ferreiro, e da nosa emisora [www.lulunasondas.com](http://www.lulunasondas.com) [4], un grupo de nenas e nenos de 6º acudiu á Facultade de Xornalismo para expoñer a historia do noso centro e algunhas das actividades que se desenvolven co obxectivo de fomentar o respecto polo medio natural e a súa biodiversidade.

Ademais, contouse con colaboracións especiais, como a do alumnado das aulas Coralía e Maruxa, así como as opinións sobre o colexio dalgúns nenas e dalgúns nenos que nese momento estaban a gozar do recreo no colexio.

Pero como a radio se centra na escoita, premede na imaxe: veredes, e escoitaredes, a nosa produción.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/524>

#### Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/74>

[3] <http://pontenasondas.org/>

[4] <https://lulunasondas.blogspot.com/>